

z onde consten os datos da etiquetaxe, que estará á disposición das autoridades sanitarias. O destinatario arquiverá un exemplar da certificación por envío.

O transporte deberase realizar de acordo coas condicións fixadas no anexo 6 das Normas de correcta fabricación de medicamentos vixentes na Unión Europea, publicadas polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

Artigo 8. *Normas de correcta fabricación.*

1. Nos procesos de fabricación e control dos gases medicinais observaranse as Normas de correcta fabricación de medicamentos vixentes na Unión Europea, publicadas polo Ministerio de Sanidade e Consumo.

2. Os gases medicinais licuados producidos en plantas industriais coa consideración de principios activos rexeranse polas normas ICH Q7A, sobre boas prácticas para principios activos.

Artigo 9. *Subministración, entrega ou dispensación.*

1. A subministración dos gases medicinais para uso humano, de conformidade co disposto no punto 2 do artigo 54 bis da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, poderase realizar conforme determinen as autoridades sanitarias competentes, observándose as necesarias medidas de seguridade e calidade na aplicación dos gases medicinais polos centros sanitarios ou asistenciais correspondentes.

2. A entrega directa ós pacientes nos casos de terapia a domicilio esixirá a presentación da correspondente receita debidamente cuberta polo facultativo prescriptor.

3. No caso de utilización de gases medicinais no exercicio clínico veterinario, a receita deberá ser expedida por un veterinario en exercicio.

Así mesmo, a subministración, entrega ou dispensación de gases medicinais para o seu uso en animais poderase realizar conforme determinen as autoridades competentes, e observaranse as necesarias medidas de seguridade e calidade na súa aplicación.

Disposición adicional única. *Recoñecemento do director técnico.*

Non obstante o disposto no punto 3 do artigo 2 deste real decreto, as persoas que viñesen exercendo as funcións que lle corresponden ó director técnico poderanlle solicitar á Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios o nomeamento como director técnico, con base na súa experiencia profesional acreditada.

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Os gases medicinais a fabricación e comercialización dos cales se axusten á normativa vixente na data de publicación deste real decreto poderán seguir comercializándose durante un prazo de 18 meses contados a partir da súa entrada en vigor. Durante o dito período as entidades importadoras e comercializadoras de gases medicinais deberán adecuar as súas actividades ás previsións deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación de produtos farmacéuticos conforme o previsto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española e dítase en desenvolvemento da Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Sanidade e Consumo para dicta-las disposicións necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto en materia de gases medicinais para uso humano.

En materia de gases medicinais para uso veterinario, a dita facultade corresponderalles de forma conxunta ós ministros de Sanidade e Consumo, e de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ó mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

740 *ORDE APA/6/2004, do 12 de xaneiro, pola que se regula a pesqueira de arrastre en augas comunitarias da zona IX do Consello Internacional de Explotación do Mar (CIEM). («BOE» 12, do 14-01-2004.)*

O Regulamento (CE) 1954/2003 do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre a xestión do esforzo pesqueiro no que respecta a determinadas zonas e recursos pesqueiros comunitarios, polo que se modifica o Regulamento (CEE) 2847/1993 e se derrogan os regulamentos (CE) 685/1995 e 2027/1995, establece, entre outras, medidas comunitarias que regulan o réxime de acceso a determinadas zonas e recursos pesqueiros e a realización sustentable das actividades pesqueiras.

Por outro lado, a Orde do 30 de setembro de 1997, pola que se regula a pesqueira de arrastre en augas portuguesas da subzona IX do Consello Internacional de Explotación do Mar (CIEM) establece as condicións de acceso á dita zona, e un censo de buques que incluía un número máximo de 21 buques españois que podían pescar en augas portuguesas.

O acordo suscrito entre os gobernos do Reino de España e da República portuguesa, representados polos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación de España e de Agricultura, Desenvolvemento Rural e Pesca de Portugal, ten como obxecto manter unhas relacións beneficiosas, dentro do respecto ós principios xerais da lexislación comunitaria sobre xestión do esforzo de pesca, e que supón polo menos, ata o ano 2010, unha presenza dun total de 30 arrastreiros españois en augas

continentais de Portugal, obrigando a adaptar en consecuencia a normativa de aplicación.

Igualmente, hai que ter en conta a aprobación de la Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, que regula no capítulo IV "Xestión das actividades pesqueiras" do título I, os principios para poder exercer-la pesca. Tendo en conta o anterior, procédese a derroga-la citada orde do 30 de setembro de 1997.

Esta orde ten por obxecto levar a cabo esta regulación, establecendo un censo de unidades pesqueiras de arrastre que poden pescar en augas da zona IX do CIEM, baixo soberanía ou xurisdicción de Portugal, así como as condicións en que se deberá levar a cabo esta pesqueira.

Esta disposición dítase ó abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución española, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima. Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e o sector afectado.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten como fin a regulación da pesqueira de arrastre na zona IX do CIEM, en augas sometidas á soberanía ou xurisdicción de Portugal, no marco da normativa comunitaria.

Artigo 2. *Censo de buques.*

O censo de buques de arrastre que poden pescar na zona IX do CIEM, augas sometidas á soberanía ou xurisdicción de Portugal, estará composto por un total de 30 buques, dos cales, ata 5 poderán ir dirixidos á captura de crustáceos.

Artigo 3. *Lista nominativa de buques.*

Os buques pertencentes a este censo serán incluídos nunha lista nominativa de buques autorizados ó abeiro do acordo suscrito entre os gobernos de España e Portugal, para pescar ó arrastre na zona IX do CIEM, en augas sometidas á soberanía ou xurisdicción de Portugal.

Artigo 4. *Cambio de caladoiro.*

1. Os buques incluídos no censo establecido nesta orde unicamente poderán ser autorizados para o exercicio da pesca en augas baixo soberanía ou xurisdicción de Portugal da zona IX do CIEM.

2. Non obstante, a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros, da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá autoriza-lo cambio temporal de caladoiro para os buques incluídos no censo establecido por esta orde, sempre que se considere adecuado, tendo en conta as posibilidades de pesca do novo caladoiro, que non existe prexuízo para outros buques españois e que o permita a normativa reguladora da pesca na dita zona.

Artigo 5. *Substitución de buques no censo.*

Os buques que integren o censo de buques que poden pescar ó arrastre en augas portuguesas poderán ser substituídos, por instancia do seu armador, nos seguintes casos:

1. No caso de perda definitiva por accidente marítimo dun dos buques incluídos no censo, o seu armador dispón dun ano, contado desde a data do suceso, para inicia-lo expediente de tramitación de substitución. Se,

transcorridos dous anos a partir da resolución da Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros que autorice a substitución, non se tivese incorporado o buque substituto ó censo, perderá definitivamente o seu dereito a figurar no censo, salvo causa de forza maior debidamente acreditada, logo de constatación das circunstancias correspondentes pola Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros.

A substitución levarase a cabo desde que o novo buque, se é o caso, sexa dado de alta no Censo de Flota Pesqueira Operativa. O novo buque que se vai incluír no censo terá unha tonelaxe e potencia igual ou inferior ás do buque substituído.

2. Por un buque de nova construción, no caso de cesamento definitivo na actividade pesqueira do antigo buque, que se deberá achegar como baixa. O novo buque terá as características que estipule a lexislación vixente en materia de estruturas.

3. Por outro buque da mesma empresa armadora, sempre que ó xuízo da Secretaría Xeral de Pesca Marítima non se incremente a capacidade pesqueira global.

4. No caso de se acoller axudas por paralización definitiva, non se poderá proceder á substitución no censo da unidade que cese no servizo.

Artigo 6. *Inclusión de novos buques no censo.*

Cando se produzan baixas de buques no censo que non sexan substituídos por outros, a Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros poderá autoriza-la inclusión de novas unidades, logo de consulta ó sector interesado e tendo en conta:

a) A habitualidade do buque na pesca de arrastre en augas portuguesas ou subsidiariamente, en augas españolas.

b) A idoneidade técnica do novo buque, que non poderá prexudica-lo desenvolvemento da actividade dos demais buques incluídos no censo.

c) O mantemento do equilibrio tradicional no caladoiro entre buques con porto base en portos das comunidades autónomas de Galicia e Andalucía.

Artigo 7. *Normas para o exercicio da actividade.*

O exercicio da actividade pesqueira nesta zona axustarase ó seguinte:

a) Concederanse ata un total de 30 licencias de arrastre, das cales, ata un máximo de 5 licencias poderán ir dirixidas á captura de crustáceos, que comportarán implicitamente o permiso especial de pesca previsto no punto 2 do artigo 25 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

b) Antes do 30 de novembro de cada ano, os armadores ou os seus representantes dos buques de arrastre interesados en exercer-la pesca de arrastre na zona IX do CIEM, sometida á soberanía ou xurisdicción de Portugal incluídos no censo establecido por esta orde deberánlle solicita-la pertinente autorización, de carácter anual, indicando se é para peixes ou para crustáceos, á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros. Para a concesión da licenza teranse en conta a habitualidade demostrada, ó abeiro da Orde do 30 de setembro de 1997.

c) Os buques deberán permanecer, como mínimo, un total de 46 días no porto ó ano.

Artigo 8. *Especies que poden ser capturadas.*

1. As especies que se poden pescar serán as non sometidas a Total Admisible de Capturas (TAC, en diante) e cotas, así como as sometidas a TAC das cales España

z
dispoña de cota. Non se poderán pescar túnidos nin peixe espada.

2. En caso necesario, a Secretaría Xeral de Pesca Marítima poderá establecer unha repartición de cotas con carácter anual, dividindo a cota de que se trate a partes iguais entre tódolos buques incluídos no censo.

3. Os buques que pesquen ó abeiro dunha licenza de pesca dirixida a peixes poderán manter a bordo capturas accesorias de crustáceos ata un 30 por cento. Esta limitación non será de aplicación para os buques que pesquen ó abeiro dunha licenza de pesca dirixida a crustáceos, recollida nesta orde.

4. As condicións técnicas que deben cumprilo buques e as pesqueiras serán as establecidas no Regulamento (CE) 850/1998 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

Disposición adicional única. *Presentación de solicitudes.*

1. Ata o 16 de xaneiro de 2004 poderanse presentar solicitudes de inclusión no censo de buques que poden pescar ó arrastre en augas de Portugal da zona IX do CIEM, co fin de cubri-lo total de licencias de pesca establecidas, e completa-las vacantes que se puidesen producir no censo.

2. As licencias que se concedan serán para peixes ou para crustáceos de forma exclusiva, e non se permitirá simultanear ámbalas actividades ó mesmo tempo.

3. A dita inclusión non poderá supor, en ningún caso, unha redución de actividade dos buques incluídos no censo existente.

4. Os buques para os que se solicite a súa inclusión neste censo deberán ser buques arrastreiros censados no caladoiro nacional e terán preferencia para a súa inclusión os seguintes buques:

a) Os buques de arrastre que viñesen desenvolvendo a actividade en augas continentais de Portugal ó abeiro da Orde do 30 de setembro de 1997.

b) Aqueles que pescaen en augas portuguesas coa correspondente autorización ou que se constrúen con achegas de baixas de buques autorizados nesta zona.

c) Dentro deles, os buques con maiores períodos de actividade en augas portuguesas, dando prioridade ós que desenvolvesen a actividade máis recentemente.

d) Os buques cunhas características técnicas que os fagan idóneos para o exercicio da actividade de arrastre e que non prexudiquen o desenvolvemento da actividade dos buques incluídos no censo.

e) En caso de igualdade, deberase prima-lo mantemento do equilibrio tradicional entre buques con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e de Andalucía.

5. Xunto coa inclusión de solicitude no censo, xuntarase copia dos documentos acreditativos da realización de actividades de pesca na zona obxecto de regulación, como, entre outros, diarios de a bordo, declaracións de desembarque ou despachos no diario de navegación.

6. Á vista das autorizacións concedidas, a Secretaría Xeral de Pesca Marítima comunicarlles ós interesados a súa decisión, co fin de proceder a realiza-los trámites necesarios para a súa baixa no Censo de arrastre do caladoiro nacional e a súa alta no novo censo. Despois desta tramitación, publicarase o censo revisado en que se incluírán, se procede, as novas unidades no censo.

Disposición transitoria única. *Censo específico.*

Ata que non se publique o novo censo de buques que poden faenar con artes de arrastre en augas da subzona IX do CIEM, ó cal fai referencia a disposición derradeira segunda desta orde seguirá vixente o censo que figura como anexo I á Orde do 30 de setembro de 1997.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 30 de setembro de 1997 pola que se regula a pesqueira de arrastre en augas portuguesas da subzona IX do Consello Internacional de Explotación del Mar (CIEM), sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta disposición dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se lles atribúan ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Medidas de aplicación.*

Autorízase a Secretaría Xeral de Pesca Marítima a que realice a publicación anual do Censo de buques que poden pescar con artes de arrastre en augas da subzona IX do CIEM, sometidas á soberanía ou xurisdicción de Portugal, así como a adopta-las medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 12 de xaneiro de 2004.

ARIAS CAÑETE

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1015 *ORDE PRE/29/2004, do 15 de xaneiro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español. («BOE» 16, do 19-1-2004.)*

O Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ó consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, incorporou ó ordenamento xurídico español a Directiva 1999/94/CE, do 13 de decembro de 1999, do Parlamento Europeo e o Consello, que ten por finalidade reduci-las emisións de CO₂ producidas polos turismos e potencia-lo aforro de enerxía mediante unha información precisa, pertinente e comparable sobre o consumo de combustible e emisións CO₂.

O citado real decreto, que pretende mediante a información influír na decisión do consumidor de adquirir automóbiles que consuman menos combustible e polo tanto emitan menos CO₂, impulsando deste xeito os fabricantes a faceren o necesario para reduciren o consumo deles, establece no seu anexo III un formato para os carteis que deben exhibirse nos puntos de venda.

Recentemente a Comisión Europea estimou que convén preve-la utilización de ferramentas de comunicación modernas (pantallas electrónicas) e evita-la utilización